Este convenio será objeto de publicación de acuerdo con lo dispuesto en la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno, y en el artículo 48.8 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público. En este sentido, las partes prestan expresamente su consentimiento para que se le dé al presente convenio la publicidad exigida.

Y en prueba de conformidad de cuanto antecede, los comparecientes firman por triplicado ejemplar y a un solo efecto el presente Convenio, en el lugar y fecha indicados en el encabezamiento.

EL PRESIDENTE DE LA CONFEDERACION  
HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL

José Antonio Quiroga Díaz

EL ALCALDE DEL AYUNTAMIENTO  
DE MONFORTE DE LEMOS

José Tomé Roca"

*SEGUNDO.- Facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura do Convenio e para os trámites precisos para a súa efectividade. "*

**De seguido prodúcense as seguintes intervencións:**

Intervén D<sup>a</sup> Isabel García Díaz xustificar para manifestar que, en relación co saneamento, lóxicamente toda aquela mellora que se acomata será boa. Pregunta se a cantidade de diñeiro que ía para saneamento incluída na modificación presupostaria inclúe este convenio, moito do saneamento e moito dos problemas que hai e seguen, son unha resopnsabilidade de Aqualia, en todo caso espera máis explicación ao respecto.

Intevén D<sup>a</sup> Kaytherinie Varela di que todo o que veña para Monforte é fundamental e sobre todo para saneamento. Dique non van votar en contra, pero antes de emitir un voto favorable, pregunta que na cláusula cuarta se especifica que o 80% vai a cargo da Confederación Hidrográfica e despois polo Concello se aplicara a cantidade de 480.000 euros. Fala que todo o diñeiro que se recolle neste convenio é para un primeiro punto, pregunta en que se gasta o diñeiro exactamente, en nóminas, persoal, medios, etc. Consideran que houbese sido máis ooprtuno encargar un estudo e logo en base a iso especificar por ese importe que tipo de obras vanse realizar.

Na quinta cláusula se fala dun anexo, que non ven no convenio. Polo demás todo o que sexa mellorar o sanemaento non se van a opoñer.

Intervén D. Emilio José Sánchez pedindo disculpas polo retraso. Di que eles non poden votar en contra deste proxecto, é positivo que se interveña no saneamento, seguir traballando e reclamando da Confederación, na limpeza do río e na súa posta en valor.

Intervén o Sr. Alcalde dicíndolle a D<sup>a</sup> Isabel García que vostede ao inicio deste punto falou de urxencia e o regualmento veu por trámite ordinario.

Parte do diñeiro do remanente para isto si que se vai utilizar, porque ademáis non hai que descartar convenios máis importantes que este ao longo do ano. Si eso é de Aqualia, cando gobernaron antes outros, non lle pediron nada a Aqualia, e iso o din os documentos. Di que hoxe chegoulle unha negativa da Xunta de Galicia dunha petición que se lle fixo para suprimir o punto de bombeo da rúa Cobas que da moitos problemas, solicitamos unha axuda par asuprimri ese bombeo, chegou a negativa, non alcanzou a puntuación suficiente, iso ocorre hoxe no Concello, chegou da Xunta de Galicia. Quén traballa e quén traballa. Se non está aquí o cadro de financiación repartiilo en catro anualidades, se non o teñen se remitará polo departamento de Secretaría. Si que se di o que vai facer, "en concreto "se prevé que el proxecto a redactar incluya la renovación total o parcial de los colectores de la calle rúa Morín , Juan Montes, Valle Inclán, colector secundario do barrio das

Cruces, tamén o discurre polo arroyo Malloadas, este proxecto poderá contemplar asimismo instalacións de un o varios dispositivos de regulación en momento de tormenta”, vai incluír a supresión do punto de vertido do parque dos Condes, aquí todo o mundo falaba de suprimilo, aquí hai qu epoñerse ás cousas non hai que dicilo hai que facelo, financiación 2,4 millóns de euros aos que hai que sumar 1,4 que está en execución e a Xunta non esta nin se a espera. O que din non ten sentido, negaron unha axuda para un viveiro de empresas no Polígono, recurríremolo, negaron unha axuda para a Costa da Pena, está no casco histórico. É o non polo non, dílgalle á Xunta que se equivoque e que diga que si a algo. A realidade é a que é.

Intervén D<sup>a</sup> Isabel García Díaz, en referencia ao punto anterior, manifestando que non é verdade que ela utilizara a palabra urxencia, ela o que dixo é que tivo catro anos como alcalde para sacar adiante ese regulamento. Xa dixo todo o que sexa sanear vai ser bo para Monfote, o que se está criticando é que sempre se traiga todo feito e non se conte para nada ata chegar ao pleno, é a realidade así. Fala vostede do requerimetros que se lle fixeron a Aqualia, aquí hai persoas no pleno cando a obra da Corredoira, iso foi unha moción presentada polos grupos non adscritos, aínda era BNG, e que foi quen o presentou e se sacou adiante.

Sometido o asunto a votación, apróbase por maioría con catorce votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e e dúas abstencións dos concelleiros/as do Grupo Mixto.”

#### **5º.-ADHESIÓN Ó MANIFESTO CONTRA COVID-19 DA CONFEDERACIÓN DE FONDOS DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE.**

O ditame é favorable á proposta da alcaldía, con seis votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal socialista e tres abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (BNG) Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

*“Recibido neste Concello o manifesto de cooperación contra o coronavirus da Confederación Fondos de Cooperación e Solidariedade sobre a crise global que se está vivir.*

*Polo que antecede, PROPONSE ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:*

*PRIMEIRO.- Aprobar a adhesión deste Concello ao manifesto da CONFEDERACIÓN DE FONDOS DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE que sinala:*

*“A aparición dun novo virus altamente contaxioso, o COVID-19, deu a volta ao mundo en pouco tempo provocando miles de mortos.*

*A pandemia é global e as consecuencias tamén serán globais. As previsións de Nacións Unidas anuncian efectos devastadores en países sen sistemas públicos de saúde e protección social fortes para responder á extensión do COVID-19 entre a súa poboación. Unha situación que tamén afecta á poboación desprazada interna ou demandante de asilo en terceiros países que sobrevive apiñada en campos de refuxiados saturados onde non existen condicións de hixiene e salubridade para evitar o contaxio. Pero a afectación non só será sobre a saúde, senón que xerará unha recesión económica global e, en consecuencia, un aumento da pobreza, o desemprego, o desabastecemento, e a falta de alimentos e produtos de primeira necesidade nos países menos desenvolvidos.*

*Nun contexto global, abandonar á poboación dos países do sur á súa sorte non é unha opción. Por esta razón, unha vez saíamos do estado de alarma nos nosos territorios teremos que concentrar novamente os nosos esforzos solidarios en axudar a outros pobos e países menos preparados para resistir os efectos do coroavirus.*

*Se non actuamos globalmente, o risco de que o COVID-19 rebrote ou de que aparezan novas pandemias será cada vez maior. Vivimos nun mundo hiperconectado onde as enfermidades contaxiosas poden emerxer en calquera lugar e estenderse por todo o planeta. E, se algo aprendemos durante a pasada crise económica e o posterior ciclo de recortes, é o terrible efecto que tiveron as políticas de contención do gasto sobre a sanidade pública, deixando a poboación máis desfavorecida en situación de enorme vulnerabilidade. Agora que pagamos as consecuencias deses recortes é un bo momento para reformular a estratexia, reforzando os servizos sociais básicos e as políticas públicas de cooperación e solidariedade.*

*Para responder a este reto debemos pór en valor a capacidade dos gobernos locais na xestión de servizos fundamentais, especialmente en momentos de crise, mediante políticas públicas que garanten o acceso público á auga e saneamento, a recollida e tratamento de residuos sólidos, a xestión e prevención de riscos e desastres, ou o desenvolvemento económico local, entre outras. E reforzar a acción*

*Rambla de Santa Mònica 10,4t- 08002 Barcelona*

*global dos gobernos locais impulsando políticas de cooperación cos municipios doutros países é vital para que estes poidan responder aos mesmos desafíos globais.*

*Neste sentido, a Confederación de Fondos de Cooperación y Solidaridad e os diferentes Fondos que a integran somos actores estratéxicos á hora de desenvolver acción política global e compartir as capacidades técnicas dos gobernos locais, executando políticas de cooperación e solidariedade para paliar o impacto da pandemia do COVID-19 e os seus efectos nos municipios dos países cos que cooperan. Como rede municipalista experimentada que dispón de capacidades instaladas nos países do sur, alianzas internacionais e un tecido asociativo colaborador amplo, xeramos resiliencia nas comunidades coas que traballamos, reforzando a capacidade de resposta dos gobernos locais socios.*

*Ante a ameaza do COVID-19, desde os Fondos de Cooperación e Solidariedade podemos contribuír a evitar futuros rebrotes e a conter o risco da extensión da próxima pandemia global, pero a nosa actuación non só se limita á resposta sanitaria inmediata, senón que se basea especialmente no fortalecemento das capacidades locais na xestión de servizos básicos de proximidade para afrontar calquera crise global con impacto local.*

*Por esta razón, desde a CONFEDERACIÓN DE FONDOS DE COOPERACIÓN Y SOLIDARIDAD expomos - propoñemos aos gobernos municipais e supramunicipais, alcaldes ou alcaldesas e persoas electas, asinar e apoiar o presente manifesto como instrumento de posicionamento do municipalismo solidario para incidir na axenda global e comprometerse coa cooperación ao desenvolvemento como mecanismo de resposta para vencer o COVID-19 e fortalecer a institucionalidade local dos países menos favorecidos, colaborando cos procesos locais aliñados coa Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, garantía de dereitos humanos e vías sanitarias seguras.*

*En consecuencia, as e os abaixo asinantes facemos unha chamada a que as administracións locais manteñan o seu compromiso humanitario e reforcen as súas políticas de cooperación ao desenvolvemento e solidariedade internacional para erradicar esta e outras pandemias que azoutan o planeta. Ata que todos esteamos a salvo, ningún estará a salvo. Só sairemos xuntos actuando globalmente.”*

*SEGUNDO.- Dar traslado do acordo de adhesión á Confederación de Fondos de Cooperación e Solidariedade.”*

*De seguido prodúcense as seguintes intervencións:*

Intervén D<sup>a</sup> Gloria Prada di que se trata dun manifesto de cooperación contra o coronavirus explicando o manifesto e dando lectura ao mesmo.

Intervén D. Emilio José Sánchez Iglesias di que van apoiar esta proposta de adhesión a este manifesto, dicindo que isto sexa o primeiro paso, para que máis adiante cada Concello poda colaborar da maneira que máis interese e como poida economicamente, porque de palabras seguramente están xa cansos.

Intervén D<sup>a</sup> Isabel García di que ninguén con sentido común pode estar en contra, coincide co compañeiro Emilio e que estes convenios na maioría dos casos redundan en papel mollado, quixera saber que medidas vai haber. No terceiro parágrafo “abandonar a poboación dos países a súa sorte non é unha opción”, nun contexto local como é a poboación de Monforte, tampouco é unha opción abandonar a poboación de Monforte, lle pedimos que aplicara medidas de hixiene cara a cidadanía, convocar o consello municipal de saúde, no derradeiro pleno falou do dispensador automático colocado no mercado, lamenta que contestara como contestou nos primeiros días da semana foron a colocar operarios municipais. O Covid-19 non pasou, está aquí e vostede está dando un mal exemplo cando se pon a mascarilla cando a quita a compañeira.

Intervén D<sup>a</sup> Gloria Prada di que ao fondo galego de cooperación ven de fai moitos anos contribúese cunha cota anual que se utilizan para realizar proxectos nas zonas mais desfavorecidas, en concreto se destinaron 98.000,00 euros para o Covid-19, se financian uns proxectos.

Di que ela levou unhas caixas de mascarillas, xel e pantallas os levaron a Praza de Abastos, fala de que ela encargou os dispensadores de xel que se atopan moi deficitarios. Os xeles se lles entregaron tanto para o seu uso como para as persoas que pasen por alí, gracias a súa xestión a UME veu desinfectar cousa que non o fixo a Xunta de Galicia.

Intervén D<sup>a</sup> Isabel García di que o xel que ela viu non estaba en ningún establecemento estaba colgado na entrada da praza, queixouse que o Concello non solucionara algo tan simple, foi algo casual.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros/as do Grupo Mixto.”

## **6º.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DA GARDERÍA INFANTIL.**



O ditame é favorable á proposta da alcaldía, con seis votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal socialista e tres abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (BNG) Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

**“ANTECEDENTES:**

Logo de comprobar que na data de 27 de decembro do 2019 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Lei 7/2019, 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas que engade no seu artigo 23.6 unha disposición adicional novena á Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, na que se recollen actuacións previstas para acadar a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos para segundos/as fillos/as e sucesivos/as, establecendo no seu número 2:

“Co mesmo obxectivo recollido no número anterior, nas escolas infantís de 0-3 anos dependentes das entidades locais que implantaran para a atención educativa un sistema de copago en cuantía equivalente á derivada do réxime de prezos establecido pola Xunta de Galicia nas escolas infantís de titularidade autonómica, no caso de que as indicadas entidades opten voluntariamente polo establecemento e aplicación, a partir da matriculación nelas do segundo fillo ou filla da unidade familiar, estes incluídos, da bonificación do 100 % establecida no número anterior, e así o xustificuen, serán compensadas pola consellería competente na materia de servizos sociais nesa cuantía mediante a súa inclusión no sistema de cofinanciación de servizos sociais.

No caso de que as entidades locais implantaran para a atención educativa un sistema de copago en cuantía superior á derivada do réxime de prezos establecido pola Xunta de Galicia para as escolas infantís de titularidade autonómica, o importe da compensación regulada no parágrafo anterior só poderá alcanzar unha cuantía equivalente á derivada do aludido réxime de prezos, sempre que aquelas xustificuen a aplicación da bonificación do 100 % da cuantía dos prezos públicos ou contraprestacións pecuniarias que se atopen en cada momento en vigor, e será a cargo das entidades locais a cuantía da bonificación no que exceda da cantidade compensada pola Administración autonómica, debendo consignarse nos orzamentos da entidade local as dotacións oportunas.

Aos efectos do disposto nesta disposición, respecto das entidades locais que opten pola aplicación da bonificación establecida, entenderase que existen razóns de interese público que permiten fixar a cuantía dos prezos públicos ou contraprestacións pecuniarias por baixo do límite do custo do servizo.

A medida establecida neste número poderá ter efectos económicos no curso 2020-2021 e ser aplicable directamente, sempre que os órganos competentes das entidades locais acorden o seu establecemento e aplicación, sen prexuízo de que

deban proceder á adaptación da súa normativa sobre prezos ou contraprestacións en vigor ao disposto nesta disposición.

Para que sexa aplicable a compensación prevista neste número, as entidades locais deberán acreditar estar ao corrente no pago das liquidacións derivadas do réxime de cofinanciación regulado no artigo 69 da Lei 2/2017, de 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.”

Tendo en conta que historicamente este Concello ten actualizado as tarifas do prezo público polos servizos prestados pola gardería municipal en concordancia coas modificacións realizadas polos prezos públicos das escolas infantís de titularidade autonómica da Xunta Galicia, establecidos polo Decreto 49/2012, de 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.

Logo de comprobar os datos anteriores, **PROPONSE** ao Pleno adoptar o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.- MODIFICAR** o artigo 5 e artigo 7 do PREZO PUBLICO POLOS SERVIZOS PRESTADOS POLA GARDERÍA MUNICIPAL quedando redactados do seguinte xeito:

*ARTIGO -5- COTAS*

*1.-PREZO DA ATENCIÓN EDUCATIVA*

*O prezo por asistencia fíxase en **169,26 € mensuais**.*

*Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as seguintes reducións:*

- a) Rendas inferiores ao 30% do IPREM 0,00 €*
- b) Rendas comprendidas entre o 30% e inferiores ao 50% do IPREM 0,00 €*
- c) Rendas comprendidas entre o 50% e inferiores ao 75% do IPREM 34,91 €*
- d) Rendas comprendidas entre o 75% e inferiores ao 100% do IPREM 69,81 €*
- e) Rendas comprendidas entre o 100% e inferiores ao 125% do IPREM 112,13 €*
- f) Rendas comprendidas entre o 125% e inferiores ao 150% do IPREM 133,29 €*
- g) Rendas comprendidas entre o 150% e inferiores ao 200% do IPREM 147,05 €*
- h) Rendas superiores ao 200% do IPREM 169,26 €*

*2.- PREZOS POR SERVIZOS COMPLEMENTARIOS*

*Servizo de comedor fíxase en **74,05 € mensuais***

*Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse ás seguintes reducións:*

- a) Rendas inferiores ao 30% do IPREM 0,00 €*
- b) Rendas comprendidas entre o 30% e inferiores ao 50% do IPREM 17,45 €*
- c) Rendas comprendidas entre o 50% e inferiores ao 75% do IPREM 17,45 €*

- d) *Rendas comprendidas entre o 75% e inferiores ao 100% do IPREM 26,45 €*
- e) *Rendas comprendidas entre o 100% e inferiores ao 125% do IPREM 37,02 €*
- f) *Rendas comprendidas entre o 125% e inferiores ao 150% do IPREM 52,89€*
- g) *Rendas comprendidas entre o 150% e inferiores ao 200% do IPREM 63,47 €*
- h) *Rendas superiores ao 200% do IPREM 74,05 €*

### **3. SERVIZO DE COMEDOR – COTA ALMORZO**

*A cota de almorzo fíxase en **25,50 € mensuais***

*Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse ás seguintes reducións:*

- a) *Rendas inferiores ao 30% do IPREM 0,00 €*
- b) *Rendas comprendidas entre o 30% e inferiores ao 50% do IPREM 6,01 €*
- c) *Rendas comprendidas entre o 50% e inferiores ao 75% do IPREM 6,01 €*
- d) *Rendas comprendidas entre o 75% e inferiores ao 100% do IPREM 9,11 €*
- e) *Rendas comprendidas entre o 100% e inferiores ao 125% do IPREM 12,75 €*
- f) *Rendas comprendidas entre o 125% e inferiores ao 150% do IPREM 18,21 €*
- g) *Rendas comprendidas entre o 150% e inferiores ao 200% do IPREM 21,86 €*
- h) *Rendas superiores ao 200% do IPREM 25,50 €*

### **4. SERVIZO DE COMEDOR – COTA MERENDA**

*A cota de merenda fíxase en **25,50 € mensuais***

*Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse ás seguintes reducións:*

*Rendas inferiores ao 30% do IPREM 0,00 €*

*Rendas comprendidas entre o 30% e inferiores ao 50% do IPREM 6,01 €*

*Rendas comprendidas entre o 50% e inferiores ao 75% do IPREM 6,01 €*

*Rendas comprendidas entre o 75% e inferiores ao 100% do IPREM 9,11 €*

*Rendas comprendidas entre o 100% e inferiores ao 125% do IPREM 12,75 €*

*Rendas comprendidas entre o 125% e inferiores ao 150% do IPREM 18,21 €*

*Rendas comprendidas entre o 150% e inferiores ao 200% do IPREM 21,86 €*

*Rendas superiores ao 200% do IPREM 25,50 €*

*Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplica-lo disposto nos puntos 1 e 2 anteriores, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:*

*a) **Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20%***

*b) **Nenos/as pertencentes a familias monoparentais desconto dun 20%***

*Entenderase por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, de 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.*

*Para a aplicación dos descontos terase en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil 0-3, que deberán ser previamente xustificadas*

*documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data de devindicación da declaración do IRPF.*

*No caso de nenos/as que non utilicen habitualmente o servizo de comedor e que excepcionalmente e por motivos xustificados desexen utilizalo algún día solto, o prezo será de **4,23 € / día**.*

*O prezo de comedor por días soltos non estará suxeito a ningunha redución.*

#### **5. COTA MATRÍCULA**

*Cota Matrícula: **77,38 €***

#### **6. HORARIO AMPLIADO**

*Con carácter excepcional os/as usuarios/as poderán ampliar a súa xornada de atención educativa mediante a solicitude de horas extraordinarias, sempre que acrediten a súa necesidade.*

*O prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario de atención educativa ao adxudicado ao usuario/a será de **21,16€***

*O prezo da hora extraordinaria non estará suxeito a ningunha redución.*

*Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc.) o neno/a ingrese no centro con posterioridade ó día 15 do mes, a cota que corresponda pagar por dito mes terá un desconto do 50 por cento.*

#### **ARTIGO -7- EXENCIONS**

*a) Cando o neno ou nena para o que se solicitou a praza ocupa o segundo lugar ou sucesivo no número de orde dos/as fillos/as que compoñen a unidade familiar aplicaráselle o 100% de bonificación das cantidades correspondentes a cota de matrícula e a atención educativa segundo o establecido na disposición adicional novena de la Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servicios sociais de Galicia mentres a mesma estea en vigor.*

*b) As familias acolledoras de menores con medidas administrativas de tutela ou garda gozarán, así mesmo, da exención total da cota.*

**SEGUNDO.-** As devanditas modificacións publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e entrarán en vigor o día 1 de setembro de 2020."

*De seguido prodúcense as seguintes intervencións:*

Intervén D<sup>a</sup> Margarita López di que vense a modificar o prezo dos Servizos prestados da Escola Municipal, dando lectura á proposta da Alcaldía.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que aquí non hai moito que debater en principio, di que non se vai opoñer a iso xa que é unha adaptación á normativa. D ique se

acaba de aprobar un plan de fondos de cooperación e solidariedade para axudas aos máis necesitados. E agora vimos a debater sobre os prezos da Gardería o normal sería ter unha garderia pública e gratuita e máis no entorno rural.

Intervén D<sup>a</sup> Isabel García di que a necesidade de adecuar as tarifas da gardería. Di que ela vaise abster pola situación non puido falar cos afectados, o que si ten claro é da necesidade de Monforte é ter unha escola pública e gratuita, pedir á Xunta colaboración, contou sempre co respaldo dos concelleiros, pero se non o fai a Xunta de Galicia, o Concello ten que facelo. Lembra que xa se dixo que hai arredor de 30 nenos en garderías públicas na contorna que non teñen prazas en Monforte, e se agora se reducen as przas pola pandemia temos un problema. Fala da gardería antiga de Caixa Galicia aí habería que invertir.

Intervén D. Katherinie Varela manifesta da necesidade dunha gardería gratuita non é ensinanza obrigatoria as administracións poden eximirse do tema, é unha boa decisión e pedir. En canto ás tarifas están modificando agora, se modifica o de segunda fillo exención, o resto dos prezos son iguais que os do 2017. O das exencións o das tarifas o ve igual, mantéñense esas tarifas.

Intervén D<sup>a</sup> Margarita López dicíndolle a D. Emilio que facía falla unha gradería pública o Concello está asumindo competencia squ eon teiña porque asumir, non estamos obrigados a ter unha garderia municipal, supón un custo elevado. Falan de que arredor hai garderias, pero non sabe porque aquí neste Concello non a hai, porque razón. Di que non se suben prezos simplemente a modificación vai no senso de que o segundo fillo a exención igual que ten a Xunta de Galicia.

Intervén D. Emlilio di que obrigatoria non é, é necesario é preciso fai falla, cada vez temos menos cativos para conciliar a vida familiar e laboral. Con respecto ás competencias, é certo que non ten competencias o Concello, pero competencias en Educación tamén quere que a Consellería done mascarillas ós pequenos, pero de momento non se poden entregar aos pequenos, hai sete por cativo, non sabe porque hai que esperar a setembro. di que é certo que o Concello non ten porque mercar mascarillas, pero xa que as teñen pois entreganas.

Intervén D<sup>a</sup> Isabel García manifesta que a ensinanza ata que empeza a escolaridade obrigatoria, se teñen con quén poden deixar os nenos na casa, necesítanse as garderías municipais, pero se sabe que é excasa. Fala da municipal cando noutros plenos se falou deste tema, hai un aula que se podería ampliar a continuación da que está feito, o que pide e que faga todos os medios para que en setembro os nenos teñan unha garderia que invirta neso, a ponte non é necesaria e mata o Malecón. Tamén pide que estase vendo e comprobando que este Concello teña maior atención por parte do Alcalde, ten que adicarlle máis tempo. Vostede é o alcalde de Monforte iso é moi necesario.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela di que como o grupo político está na Xunta e que se a partir do día 12 seguen, comprométense a mirar iso. En canto ao dos prezos van apoiar á modificación e lles parece correcto que o fagan en concordancia coa Xunta. Fala de asignar parte do remanente a compensar as tarifas da gardería.

Intervén D<sup>a</sup> Margarita Lópz agradece que estaría encantanda de que faga a xestión e que traían esa gardería aquí. Di que s eten moita lista de espera, de feito a xunta acaba de concertar 10 prazas na chamada Gardería Caixa Galicia. Di que o edificio non é do Concello, o que é propietario é o que ten que facer algo nel. Espera que veña a Galicia azul.

Intervén o Sr. Alcalde dicíndolle a D<sup>a</sup> Isabel que esquece a competencia de tres anos é autonómica aquí e en Castilla la Mancha, o PAI puntos de atención á infancia e o que é sospechoso, e vostede debería reclamar a quen debería reclamar. Porque nos Concellos onde governa o PP hai galiña azul e aquí non. Dígao á Xunta. Despois doutra que é dun banco que llo ten alugado a unha empresa privada, esas dez prazas que aacaban de dicir son a maiores das que tiña, non veña pedindo que se invirta no privado. Respectemos as competencias que cada un teña as súas. Polo que respecta ás tarifas se ía adecuando á normativa da Xunta de Galicia, porque é gratuito para as familias que teñen dous nenos e o resto igual ca Xunta.

Mascarillas dos nenos, ata seis anos non son obrigatorias. Os nenos da gardería quedan excluídos. Agora os pequenos non están nas aulas, cando están xuntos é cando van a aula ao colexio, no patio e aí e cando hai máis risco, porque aí e cando as familias teñen máis necesidades, se lle podemos aforrar 10, 15 euros, se deixa que se relacionen entre agora é cousa dos pais, dos avós. Di que eles xa invirten todos os anos na gardería, son unhas cuantas e importantes. Nas privadas non se vai invertir nin un so euro. Di D<sup>a</sup> Isabel que lle dedica pouco tempo ao Concello, di que el esta no Concello sempre que fai falla, non falla que este, porque simplemente con dirixir un pouquiño, porque ten un equipo tremendamente competente e capaz, do que está moi orgulloso e moi agradecido. A pesar de estar pouco aquí levamos conseguindo proxectos importantes, este mandato será de grandes investimentos en Monforte, unha delas será esa ponte a que vostede non lle gusta, e que ía no programa electoral. Todas as mentiras que din que van cambiar o tráfico, iso é mentira, o que pasa en vez de atravesar a pontevella atravesan a pontenova, esa inversión non a vai pagar só o Concello. Igual que o cambio que vai ter a estación, coa supresión dos pasos a nivel.

O presidente da Xunta ten as mesmas competencias hoxe que despois das eleccións.

Sometido o asunto a votación, apróbase por maioría con catorce votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dúas abstencións dos concelleiros/as do Grupo Mixto.

#### **7.-ALEGACIÓNS Á MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA.**

O ditame é favorable á proposta da alcaldía, con seis votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal socialista e tres abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (BNG) Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

*“Unha vez finalizou o período de exposición pública ao efecto da presentación de reclamacións ao acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos do orzamento para 2020 na súa modalidade de crédito extraordinario/suplemento de crédito, adoptado polo Pleno da Corporación na súa sesión extraordinaria de 24 de abril de 2020 (BOP do 5/5/2020). No devandito prazo formuláronse reclamacións por dona Maribel García Díaz, como concelleira de EspertaMonforte e por dona Maria Gloria Prada Rodriguez en representación do grupo municipal do PSdG PSOE, mediante escritos de 25 de maio de 2020 e 17 de xuño de 2020 (rectificativo doutro anterior presentado o 27 de maio) respectivamente.*

*Visto o contido das reclamacións presentadas e visto asi mesmo o informe da Intervención municipal de 17 de xuño de 2020, esta Alcaldía somete á aprobación do Pleno da Corporación a seguinte proposta de ACORDO:*

*Primeiro.- Estimar a alegación presentada por dona Maria Gloria Prada Rodriguez relativa á reordenación dos créditos entre as diferentes aplicacións orzamentarias, incorporando ao expediente as modificacións que a dita estimación leve consigo.*

*Segundo.- Desestimar a alegación presentada por dona Maribel García Díaz relativa a deixar sen efecto na dita modificación os créditos incorporados nas aplicacións orzamentarias do capítulo 6 de gastos*

*Terceiro.- Aprobar definitivamente o expediente de modificación de créditos baixo a modalidade de crédito extraordinario e suplemento de crédito nos mesmos términos do acordo adoptado polo Excmo. Concello Pleno en sesión celebrada en data 24 de abril de 2020, incorporando as modificacións derivadas da estimación da reclamación á que fai referencia o punto primeiro deste acordo.”*

**De seguido prodúcense as seguintes intervencións:**

.../...

Intervén D<sup>a</sup> Isabel García Díaz manifestando que a alegación de Esperta Monforte tratase dunha alegación contra esa modificación de crédito que levou ao pleno extraordinario, onde sen argumetación quere engadir ao presuposto, en concreto en obras sen concretar 4.250.000,00 euros, para que isto se poda facer debería pasar un trámite de intervención como que houbera necesidade de facer esa obra e non poidera esperar ao presuposto do ano que ven, que sería como entraría con naturalidade. Fala da alegación presentada por D<sup>a</sup> Gloria Prada o que presenta non é unha impugnación, o que presenta unha modificación de crédito da modificación presentada no pleno extraordinario. Di toda a lóxica legal se alguén se atreveu a facer o que quere facer o PSOE en Monforte, as propostas orzamentarias son exclusivas de quen goberna, ese privilexio de non poder impugnar a sí mesmos, e machacar o trámite de exposición pública. Se polo menos houbera unha nova modificación de crédito e tráela como tal. Este capítulo VI de gasto que non é imprescindible de necesidade senón habería que concretalos. Dase a circunstancia de que di o Alcalde que hai que respectar aos funcionarios, pero o respecto non é acatar os seus informes con fe cega, non hai unha proposta de desestimación das alegacións en base ao informe, non se lle está a contestar, iso si que non é respectar ao funcionario. Dicir que son aspectos de oportunidade o que manifestan é de legalidade. Oportunidade é dicidir entre opcións distintas.

Intervén D<sup>a</sup> Gloria Prada fala da reasignación dos créditos que habán estipulado no pleno do día 24 de abril, debido a detectar unhas necesidades da situación actual, o que se prpone é cubrir esas necesidades, por iso se propon a reasignación dos créditos.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que estas alegacións ou reclamacións lembra no pleno de 24 de abril, xa fixo unha reflexión obra, proxecto, dotación orzamentaria. E sinxelo, pero facer un proxecto de obra, proxecto orzamento e partida orzamentaria, e agora veñen as reclamacións. Di que se vai centrar no informe de intervención, en base de criterios de oportunidade que non de legalidade, non se axustan ás modificacións. Di que vai votar en contra obviamente que é o informe de intervención, que non se axusta aos motivos de impugnación se se desbota unha se desbota outra. Isto é unha modificación de crédito encuberta a todas luces. Di que el se basa para votar en contra, no informe de intervención.

Intervén D<sup>a</sup> Katherine Varela que o informe de intervención considera desestimar as dúas. Agora será o momento no que se aclare. Di que lle chama a atención que haxa unas alegacións do grupo municipal do partido socialista di que é curioso, que está a famosa ponte de ferro. Di que entende o que quere dicir Maribel cando son cousas presupostarias hai que ser un pouco máis claro onde se vai gastar o diñeiro.



Os cidadáns si teñen dereito a saber que ten pensado facer con eses cartos, é o que alegan. Di que votaran en contra.

Intervén D<sup>a</sup> Isabel García continúa falando no que se refire á alegación presentada por Esperta tal como se informa considera que non é legal, parece ser que quere ir o informe de interventor. O artigo 170.2 di que impugnación referírase a carencia de trámites. O artigo 177 é para a cidadanía en xeral, os membros das Corporación teñen un plus lexitimidade impugnatoria, descoñecer iso é un desprezo e unha burla cara unha concelleira e así hai que dicilo lle guste ou non ao Sr. Alcalde. Poñer desta forma de actuar ao mesmo nivel unha impugnación que a outra, é unha modificación de crédito á modificación presentada polo Partido Socialista, o goberno non se pode impugnar a sí mesmo, ten dereito a traer outra proposta, impugnación debidamente presentada e que a despachan todo xunto, é impropio dun informe.

Intervén D. Emilio José Sánchez amosa o seu voto en contra.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela o interventor está desestimando as dúas alegacións entende.

Intervén o Sr. Alcalde di que se le o ROF se o Secretario e o Interventor di que non é necesario que interveña o Sr. Interventor porque non é necesario.

Dille a D<sup>a</sup> Isabel que lle parece indigno o que está a facer aquí, o que non pode insultar, vostede acaba de dicir que fixo o informe pouco presentable o que escribiu iso. Di que coa experiencia que ten, se vostede fose un pouco elegante retiraría ese insulto, un pouco de respecto e menos tonterías, non se meta vostede con quen non pode participar no debate. Todos os informes son previos para levar un punto de aprobación dun órgano de goberno. Logo fala modificación da modificación, o que se fixo noutro pleno, aquí faise estase propondo aproba unha modificación da aprobación de remanentes que aprobou o pleno, senón sabe os términos estudos. O Partido Socialista ten o mesmo dereito a presentar alegacións que os demais, esta alegación di aquí que D<sup>a</sup> Gloria Prada presenta isto en representación do Grupo Municipal do PSOE. O grupo político presentou unha alegación ou é que o grupo socialista non pode presentar mocións. Di que non sabe quen lle escribe iso, o que deixa ven claro na súa alegación, “por elo propónse dar de baixa parcialmente o presuposto na partida anterior, e deixar sen efecto o capítulo VI” vostede o que non quere que invirtamos, pero este goberno ten un compromiso con Monforte, e como ve cumpre, xa cumpriu no pasado mandato. di que van sacar adiante o seu programa. Lendo o informe de intervención, di que non so hai que ver senón tamén entender. As maiorías sacan adiante o que queren sacar por iso gobernan. As cousas hai que entendelas, é oportunidade política de goberno.

Dille a D<sup>a</sup> Katherinie Varela falaba de remanentes, pero non había remanentes efectivos. Agora hai máis de 7 millóns e non hai débeda cos bancos, esa é a realidade. Algunha diferenza na xestión hai.

Sometido o asunto a votación, apróbase por maioría con once votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, e cinco votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros/as do Grupo Mixto.”

#### **8º.-COMPENSACIÓN DO IPC PISCINA MUNICIPAL EJERCICIO 2019.**

O ditame é favorable á proposta da alcaldía, con seis votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal socialista e tres abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (BNG) Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

*“Vista a solicitude presentada por ALACER OCIO Y DEPORTE, S.L. de compensación económica correspondente polo importe deixado de percibir pola non subida de tarifas da piscina municipal no período 01/01/2019 a 31/12/2019.*

*Vista a documentación que consta no expediente e o informe de Intervención,*

#### **PROPONSE Ó PLENO:**

*Recoñecer o dereito da empresa a percibir a compensación solicitada, por importe de 41.705,47 € máis IVE, na aplicación 342.470.00 DEPORTES. CONCESION PISCINA MUNICIPAL.”*

#### **De seguido prodúcense as seguintes intervencións:**

Intervén D.Emilio José Sánchez anuncia o seu voto a favor, manifestando que evidentemente vaise facer cargo o administrador da piscina.

Intervén D<sup>a</sup> Isabel García dicidno que o IPC hai que pagarlo, pregunta en que situación esta a piscina, porque estamos pagando as débedas o que debía aos traballadores. Aquí o que se trae é a compensación do IPC di que van votar a favor. Vostede di que esta moi orgulloso de todo o seu equipo, vostede lle falta ao respecto constantemente, respecte tamén a ese gran equipo que ten. Respecte vostede.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela manifestando que se deixa temas no aire. Di presumir do diñeiro que conseguiu, ¿porque non rebaixou o IBI?. É un esforzo impositivo dos cidadáns, tamén hai que agradecer aos cidadáns o seu esforzo. Vostede pode aprobar o queira, ten a maioría, hai que recoñecer o esforzo impositivo, porque non se rebaixou o IBI aínda podendo. Entende segundo o interventor sería conveniente desestimar ambas alegacións, vostede o que lle interesa o que lle din, o que non lle interesa non contesta.

Dille que non poden votar en contra, a súa exposición está moi ben feita, o teñen que facer, as instalacións están pechadas, cando dende a fase 1 se podían abrir os deportistas poderían facer uso para que os clubs federados e deportistas puideran facer deporte, na fase 2 xa se podían abrir as piscinas en forma de ocio. Cando a empresa deixou de cumprir as súas funcións, se lle dixo que se secuestrara o contrato, interveu a piscina poñer ao técnico de deportes como xestor, os traballadores están en ERTE, non se sabe, se o Concello foi quen iniciou o ERTE ou a empresa concesionaria. Seguimos coa piscina sen abrir, sen poder acceder nela, e pensa en obras, pero debe mirar tamén os Servizos de Monforte. Votar en contra non se pode.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que cre que D<sup>a</sup> Isabel ten que ler doutra maneira. A vostede o que non lle gusta é que interveña o alcalde, vostede diríxese ao alcalde, e di que el contesta, porque lle interpelean e porque a lei lle faculta. En relación co IBI se vostede cre que vai polo bo camiño, di que el non subiu o IBI, foi o Partido Popular, foi un decreto do Sr. Montoro no 2012 e obrigou ao Concello a facer o plan económico-financieiro, pois baixenno vostedes, os Concellos de arredor non so subiron o IBI e modificaron as ponencias de valores e non tocaron nin un euro. Vostede o que quere é que se baixe o IBI para non poder invertir. Este goberno xestiona ben, ten remanentes e non ten débeda, se duplicaron as axudas Sociais, non so se fan obras. Fala do ERTE da piscina que solicitou a empresa e que este Concello completou ata o 100% son salarios pequenos e non querían que perderan o 30% por iso se completou ata o 100% porque este goberno é social.. Cando se abriron as piscinas so se permitía unha persoa por rúa, como se selecciona unha persoa por rúa. Posiblemente se solicite o fin do ERTE e o día 1 de xullo empezaran a traballar os traballadores, porque non abrirá o día 1, a parada técnica son 10 días que fan desinfeccións, reparacións, a piscina poderá funcionar con certa normalidade en torno á segunda semana de xullo, en torno a esas datas e cando vai funcionar a piscina con toda a transparencia porque o administrador que nomeou o Concello asinou un informe.

Intervén D. Emilio Sánchez manifestando que este é o último ano coa empresa. Se quere seguir sendo social, que a piscina sexa de xestión pública directa canto antes.

Intervén D<sup>a</sup> Isabel García di que o ROF dalle ó Alclade a capacidade de dar a palabra ou non, tamén a capacidade de non darlla, como fixo. Por algo será. En todo dicirlle que as piscinas en moitos puntos de Galicia están abertas, mantendo a legalidade. É moi lamentable que na medida se perxudique os usuarios e os clubs usuarios, tamén as persoas que o necesitan. En todo caso se está gastando diñeiro de todos. Ese diñeiro en todo caso ven dos impostos que pagamos todos é lícito que ese diñeiro se dirixa as persoas e familias. A maioría dos soldos de Monforte, moita xente da piscina cobran menos de 1.000,00 euros, moitos outros sectores tamén están nesas cantidades, vostede esta gastando un diñeiro, non debería ir a esa ponte senón ás familias.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie e volve a repetirlle que pode baixar o IBI, que agradeza o esforzo impositivo dos cidadáns e máis en datas coma as de agora. Fala de que o Club de Natación vai ir a Sober a practicar, imos ver si mimamos aos nosos, logo se queixan de que se empadroen noutros municipios, alégralle que levante o ERTE e poña en funcionamento a piscina.

Intervén o Sr. Alcalde di que o contrato non remata este ano, remata en marzo do do ano que ven. Di que porque o goberno anterior non o fixo, di que van quitar un concurso tamén como fixo o goberno anterior. Din vostedes que están as piscinas abertas, as piscinas climatizadas moi poucas están abertas, están pechadas as que están ao aire libre si que se abriron.

Fala D<sup>a</sup> Maribel de axudas a persoas e familias, xa quixeran vostede que ese goberno apoiará aos empresarios, aos autónomos aos traballadores de todo tipo que se axuda como axudou este goberno. Iso é inyectar medio millóns de euros na economía monfortina, qué gobeno fixo isto?

Se houbo algún Concello que repartirá dúas veces as mascarillas e que teña a previsión de facelo aos nenos, na mesma cuantía e do mesmo modo que este Concello.

Dille a D<sup>a</sup> Katherinie di que claro que hai que agradecer aos cidadáns que paguen os impostos pero é a súa obrigaón, se pagaran os que defraudan habería que baixar os impostos. Vostede di que o Club de Natación vai irse a Sober, é moi libre, o que non vai pagar o Concello de Monforte subvencións de 10.000,00 euros a clubs que se van para outros Concellos. As instalacións se abren cando deben de abrirse. **(neste momento o Sr. Alcalde chama a orde a D<sup>a</sup> Katherinie Varela).** As instalacións de Monforte as xestiona o Concello non ningún club, e a instalacions se abren baixo o informe dun técnico.

Sometido o asunto a votación, apróbase por maioría con trece votos a a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e dos concelleiros/as do Grupo Mixto e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

**9º.-DESESTIMACIÓN ESCRITO PRESENTADO POR AQUALIA RELATIVO Á SUSPENSIÓN DO ACORDO DO PLENO DE 24.02.2020 SOBRE INVESTIMENTOS PREVISTOS NO CONTRATO**

O ditame é favorable á proposta da alcaldía, con seis votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal socialista e tres abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (BNG) Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

***“Solicitud suspensión acto presentado por FCC AQUALIA S.A.***

*Examinado o informe da Secretaría Xeral, desta data, do tenor literal seguinte:*

***“Antecedentes***

*1º.- O pasado 24/02/2020 o pleno do concello acordou:*

***“6º.-REQUERIMENTO Á EMPRESA AQUALIA DE INVESTIMENTOS PREVISTOS NO CONTRATO E NA OFERTA DA EMPRESA PARA A CONCESIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO.***

*O ditame é favorable á proposta da alcaldía, con seis votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e dos concelleiros do Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.*

*Transcríbese a proposta da alcaldía:*

*“Visto o expediente tramitado en relación con este asunto no exercicio 2018 e cos argumentos obrantes nos infoemes que nel constan, proponse, previa actualización dos importes, que pola Comisión informativa se ditamine e polo Pleno municipal se adopte o seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO: Requirir a FCC Aqualia S.A., concesionaria do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento o importe pendente de executar das obrigas de investimento contractuais, resultante do contrato e da oferta para ser executadas nos anos 2001 a 2003, máis o xuro legal do diñeiro que resulta de aplicación, polo que a cantidade que se reclama ascende a :*

*Investimento pendente.....2.221.980,36 €*

Total de xuros por demora..... 1.496.242,64 €  
SUMA TOTAL.....3.718.223,00 €

*SEGUNDO: Para a execución concreta de investimentos pola cantidade reclamada, especialmente no que poida modificar o expresamente previsto no contrato e na oferta e que dá lugar a este acordo é competente o Pleno Municipal, como órgano de contratación, e a isto debe aterse a empresa. “*

*Sometido o asunto a votación, apróbase por maioría cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Grupo municipal Socialista, e a abstención dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros/as do Grupo Mixto. “  
Dito acordó foi notificado á interesada.*

*2ª.- O 13/04/2020 con Re 5373 ten entrada escrito de FCC AQUALIA SA, solicitando a vista do expediente, anunciando a súa vontade de recurrir o acordó e solicitando a suspensión do acto.*

*Lexislación aplicable.*

*- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.*

*Consideracións xurídicas*

*Primeiro.- En canto a solicitude vista de expediente, baste dicir que sendo ó acceso ó expediente un dereitos dos interesados nos procedementos, e sendo FCC AQUALIA SA interesada no expediente, o expediente atopase a súa disposición nas dependencia municipais de secretaria onde poderá consultalo previa cita no 982402501.*

*Segundo.- O concello tense por enterado do anuncio da súa vontade de recorrer o acordo plenario que nos ocupa por parte de FCC AQUALIA SA.*

*Terceiro.- Por último solicita a suspensión da executividade do acordo que nos ocupa.*

*O respecto debemos dicir que conforme ós artigos 38 e 39 da lei 39/2015 do 1 de outubro , do procedemento administrativo común, os actos administrativos son executivos e producen efectos desde que se ditan salvo que nos mesmos se dispoña outra cousa.*

*En canto á suspensión o artigo 117 da mesma norma dispón:*

***“Artículo 117. Suspensión de la ejecución.***

*1. La interposición de cualquier recurso, excepto en los casos en que una disposición establezca lo contrario, no suspenderá la ejecución del acto impugnado.*

*2. No obstante lo dispuesto en el apartado anterior, el órgano a quien compete resolver el recurso, previa ponderación, suficientemente razonada, entre el perjuicio que causaría al interés público o a terceros la suspensión y el ocasionado al recurrente como consecuencia de la eficacia inmediata del acto recurrido, podrá suspender, de oficio o a solicitud del recurrente, la ejecución del acto impugnado cuando concurren alguna de las siguientes circunstancias:*

*a) Que la ejecución pudiera causar perjuicios de imposible o difícil reparación.*

*b) Que la impugnación se fundamente en alguna de las causas de nulidad de pleno derecho previstas en el artículo 47.1 de esta Ley.*

*3. La ejecución del acto impugnado se entenderá suspendida si transcurrido un mes desde que la solicitud de suspensión haya tenido entrada en el registro electrónico de la Administración u Organismo competente para decidir sobre la misma, el órgano a quien compete resolver el recurso no ha dictado y notificado resolución expresa al respecto. En estos casos, no será de aplicación lo establecido en el artículo 21.4 segundo párrafo, de esta Ley.*

*4. Al dictar el acuerdo de suspensión podrán adoptarse las medidas cautelares que sean necesarias para asegurar la protección del interés público o de terceros y la eficacia de la resolución o el acto impugnado.*

*Cuando de la suspensión puedan derivarse perjuicios de cualquier naturaleza, aquélla sólo producirá efectos previa prestación de caución o garantía suficiente para responder de ellos, en los términos establecidos reglamentariamente.*

*La suspensión se prolongará después de agotada la vía administrativa cuando, habiéndolo solicitado previamente el interesado, exista medida cautelar y los efectos de ésta se extiendan a la vía contencioso-administrativa. Si el interesado interpusiera recurso contencioso-administrativo, solicitando la suspensión del acto objeto del proceso, se mantendrá la suspensión hasta que se produzca el correspondiente pronunciamiento judicial sobre la solicitud.*

*5. Cuando el recurso tenga por objeto la impugnación de un acto administrativo que afecte a una pluralidad indeterminada de personas, la suspensión de su eficacia habrá de ser publicada en el periódico oficial en que aquél se insertó.”*

*No presente caso non concorre ningún do supostos que podería xustifican a suspensión de efectos do acto que nos ocupa, pois non consta que o acto puidese causar prexuízos de difícil ou imposible reparación a FCC AQUALIA S.A. nin que a*

*impugnación do acto se base nalgunha das causas de nulidade dos actos administrativos.*

*Destacando que a paralización de prazos administrativos realizada polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, na súa disposición adicional terceira, ata o 1 de xuño, non supuxo prexuízo de ningún tipo para FCC AQUALIA S.A. que xustifique dita solicitude de suspensión”.*

*Polo que vai dito, e en base ao informe, proponse que o Pleno do Concello adopte os seguintes ACORDOS:*

*Primeiro.- Poñer o expediente a disposición de FCC AQUALIA S.A., nas dependencias municipais de Secretaría Xeral, onde poderá consultalo previa cita no teléfono nº 982402501.*

*Segundo.- Tomar razón do anuncio da vontade de recorrer o acordo plenario, que nos ocupa, por parte de FCC AQUALIA S.A.*

*Terceiro.- Denegar a suspensión da execución do acordo do Pleno, de data 24/02/2020, solicitada por FCC AQUALIA S.A., pois no presente caso non concorre ningún do supostos que poderían xustificar a suspensión de efectos do acto xa que non consta que puidese causar danos ou prexuízos de difícil ou imposible reparación a FCC AQUALIA S.A., nin que a impugnación do acto se fundamente nalgunha das causas de nulidade dos actos administrativos.”*

*De seguido prodúcense as seguintes intervencións:*

Intervén D. Emilio José Sánchez di van votar de desestimalo. Unha das cousas nas que se basa e nos tempos, sobre todo se lle parece pouco 19 anos. Aмосa o seu voto a favor. No tocante a Aqualia, vostede era moito de falar, deixéese de conducir mirando para o retrovisor, mire para adiante, cando se fala do anterior goberno. Di que están a 29 de xuño de 2020 o anterior goberno, empezou en 2015-2019, era vostede, antes dixo había outro goberno que facía cousas ben e mal. Polo tanto agora ten que gobernar, pero se quere mirar polo retrovisor, para reclamar a Aqualia a obra da Corredoira, vostede dixo que quén gobernou antes non deixou remanentes.

Intervén D<sup>a</sup> Isabel García dicindo que a ela lle gusta mirar para adiante. Escoitando ao alcalde pensarán que ela non estivo con anteriores gobernos, di que ela no 2011 foi de número 15 ou 17 nunha lista do entón candidato Severino Rodríguez, porque lle parece unha boa persoa e ela coas boas persoas vai a calquera sitio. Di que ela escoita ás persoas, prantexa, opina, vostede sr. Alclade non ten esa maneira de traballar.



Di que vostede que reparten ese diñeiro social, porque a lei Montoro non permitía invertir remanentes. Ao retirarse a lei Montoro, vostede agora ten eses cartos que podería facer un reparto equitativo e invertirá nas persoas. Pregunta a qué empresa lle soluciona algo 200 euros? Quería un mellor reparto dese diñeiro, ese diñeiro remanente superávit de todos os monfortinos.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela pide desculpas , fala de que os do club de natación teñen que entrenar, o día porque é urxente esa apertura para o clube poda practicar deporte e competir, di que é un problema non poder entrenar. Si se van outro Concello di que lle quita os 10.000,00 euros, teñen que entrenar. Vostede governe, non faga oposición á oposición. En canto ao de Aqualia, entende que a desestimación esta con base nun informe, anuncia a abstención do seu grupo.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que non lle parece que se estén esfachando, di que el esta mirando bastante para adiante. Aquí o que se compromete cos veciños se fai. D<sup>a</sup> Maria José Vega a que lle teño respecto, cariño e aprezo, pasou 12 anos botándolle as culpas de todo a Nazario, era o culpable de todo, iso está grabado, iso é un record superior ao seu, e non está criticando a D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José.

Dille a D<sup>a</sup> Isabel que foi nunha lista co anterior alcalde, vostede a primeira candidatura do seu grupo fíxose aquí no despacho da Alcaldía deste Concello, aquí. A lei Montoro non prohibía dar axudas Sociais, pero non as deron, nin viu que vostedes as pedirán. E certo que había un informe de intervención que falaba de 5 millóns deuros, dos cales reais eran 2 millóns e 3 millóns de remanentes que non se pagan porque están prescritas, son de dudoso cobro. Di que el non fala dos remanentes que hai agora non hai 7,2 hai 10 millóns de remanentes, que pasa aqueles 3 que había no ano 2015 seguen estando aí, é dicir, non se van cobrar, di que el di os datos reais e D<sup>a</sup> Isabel está fantaseando. Por moito que lle fastidie di que eles axudan ás empresas, aos autónomos e ás familias.

Dille a D<sup>a</sup> Katherinie pode pedir que se abra calquera instalación , di que el non vai asumir a responsabilidade de abrir antes de que se dean as condicións sanitarias para elo, mentres ese informe non está sobre a mesa, mentres non se dea esa circunstancia non fai abrir esa instalación, polo menos hai que tomar todas as precaucións para que non ocorra nada.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que cando lle fala de mirar para atrás, fala en termos figurados. Di que el vai buscar mocións que vostede traía daquela haber como é tema. Estamos nunha moción de Aqualia, do 2001 ven este contrato de Aqualia, espera que pouco a pouco vai dando a razón ao Concello, quedan seis anos cre de contrato, podan ver luz gran parte do que poña o contrato.

Intervén D<sup>a</sup> Isabel García di que mentir hai que mentir con xeito. Di que ler sabe, sumar e restar, di que ten diante dela o infomre de intervención no 2015. Dase a circunstancia remanente de tesorería 7.482.205,55 euros, saldos de dubidoso

cobro 2.451.000,00 euros, e despois di remanente para gastos xerais 540.619,96 euros. No 2015 os 5 millóns era finais, está lendo non o está inventando. Di que lle gustaría que fose riguroso coas medidas sanitarias, di que ll gustaría que estivera nos plenos coa mascarilla como están todos.

Sometido o asunto a votación, apróbase por maioría con doce votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e dos concelleiros/as do Grupo Mixto e catro abstención dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

**10º.-MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA PROMOVER UNHA CONSULTA POPULAR SOBRE A CONSTRUCIÓN DUNHA NOVA PONTE NO MALECÓN.**

O ditame é desfavorable á moción, con seis votos en contra favor dos concelleiros/as do grupo municipal socialista, dous votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e unha abstención do concelleiro de D. Emilio José Sánchez Iglesias (BNG) Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria

Transcríbese o acordo que figura na moción:

*“1º.-Levar a cabo unha proba, durante un tempo limitado, de restrición do tráfico rodado na Ponte Vella e a posterior elaboración dun estudo que determine se realmente é necesaria ou non a construción dunha nove ponte no Malecón.*

*2º.-Expoñer públicamente o estudo de construción da nova ponte, e efectuar unha consulta popular, para coñecer realmente o interese dos monfortinos na construción desta infraestrutura”.*

*De seguido prodúcense as seguintes intervencións:*

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela fai unha exposición do Partido Popular deciu traer a este pleno esta moción. Di que hai unha gran cantidade de persoas que están mobilizando en contra da construción da ponte. Di que un na rúa percibe que hai moitas persoas que están en contra, pero hai unha gran cantidade que está en contra e hai algún que di que quere esta ponte nova no malecón. Por iso chegaron a presentar esta moción.

Di que quere facer mención a ordenanza de participación cidadá que se aprobou no 2003 recolle a consulta popular. Di que hai controversia, quizá antes de que vaia a máis, faga unha consulta popular se tan claro ten que son 50.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que este é un dos puntos dos que hai que falar. Di que non se vai concretar na moción, senón ir máis alá. Facer a casa polo tellado, unha cidade non se pode gobernar a golpe de impulsos, unha cidade hai que gobernala de facer un proxecto de cidade e saber que cidade queremos a saber a

onde camiñamos. Imos empezar a casa polo tellado, aprobando o Plan Especial, despois virá o Plan Xeral., hai espellos neste país. E despois se iso contempla facer unha ponte, coida que non. Unha cidade que potencie o comercio, agradable para o desfrute, sempre valorando e mirando , unha cidade verde libre de contaminación, unha cidade de futuro. A ponte do malecón non encaixa nunha cidade de futuro. No respecto á moción, di que no seu programa falaban dun estudo do tráfico e de reorientación de tráfico da cidade, di que cren que facer a ponte sen estragar o entorno natural do Malecón. Di que van apoiar esta iniciativa.

Intervén D<sup>a</sup> Isabel García dicindo que xa adianta que van apoiar esta moción, polo que respecta ao punto un, di que está de acordo, as probas están feitas, cando é a feira do viño cortase, a feira medieval igual. Di que é unha imaxe pola que levan loitado a da ponte vella peonil.

Di que lle gustaría recordarlle que hai que consultar con técnicos nas especialidades de urbanismo e medio ambiente. No Partido Popular non todo o mundo está de acordo, no Partido Socialista tamén non está de acordo, incluso se manifestan públicamente sen ningún problema, eso sucede en todos os grupos. Pero en todo caso, di que eles non van estar en contra de que se faga unha consulta popular, as casas se empezan polos cimentos, esa ponte vai significar a morte do malecón, impacto de 12 metros de formigón, lateralmente vaise ver o ferro, o impacto hai que velo frontalmente. Di que na modificación de crédito di que falan para expropiar esas casas que serían necesarias, pregúntase non irá o carro diante dos bois. Pregunta, fixo modificacións en Xunta de Goberno que expliciten que aí ía unha ponte., pregunta en qué situación está o Plan Especial, esas modificacións enviadas explicitan esa ponte nesas condicións e nese lugar.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que a ponte empezárase polos cimentos. Di que el respecta a todas as persoas, e se alguén fixo declaracións ofensivas non foi el. Cada un pode manifestar o que considere. Tamén esa mesma democracia ampara a quen goberna, dende logo, protestas que vostede anuncia que vai haber supón que serán pacíficas e democráticas. Di que igual que el respecta a esas persoas o mesmo respecto merecen os que opinan en sentido contrario. Di que querer impoñer a vontade da minoría iso si que é antidemocrático, porque non foi o que elixiron os cidadáns, un goberno mentres no haxa eleccións ten a posibilidade de gobernar, e logo xa xulgaran. Fala dunha manifestación da Praza Dr. Goianes, di que tamén é conveniente mirar polo espello retrovisor incluso para adiantar, e di que pouca é a memoria que se ten, hai un documento asinado por todos grupos políticos acordado coa CEL onde todos asinaron unha ponte no Malecón, ás veces hai que mirar un pouquiño a historia de onde ven a cousa. Agora vaise pechar a ponte vella ao tráfico cando a ponte este feita. Di que se vai recuperar unha parte da historia do noso pobo. Había unha ponte que caeu fai 70 anos, nunha zona emblemática como é o malecón, lembra que cando era concelleiro de medio ambiente cando fixo unha poda de rebaixe no malecón, non había nin céspede,

agora a xente pasea, daquelas non había. Di que non van estragar o malecón, vai ser un elemento de atracción moi importante para Monforte.

Di que cando en París puxeron a Torre Eiffel había sectores da poboación francesa que dicían que era un amasijo de ferros, e agora é moi atractiva para os visitantes. Os proxectos de cidade fanse as través dos Plans.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela di que a Torre Eiffel é un símbolo da revolución industrial, é un reclamo turístico, se considera que forma parte da historia. Vostede ten unha maioría absoluta os votantes o elixiron, di que esta proposta é o que faría ela se estivera gobernando, pero percibe moita controversia na cidadanía, por iso faría unha consulta popular. Lembre que hai 9.500 persoas que non lle votaron, 5.373 votos votaron a vostede, escoite á xente fale con eles.

Intervén D. Emilio José Sánchez dille ao Sr. Alcalde que hai xente que está en contra da ponte e outra en sentido contrario, a maneira de sábelo e facer un referéndum. O proxecto de cidade terá que sabelo vostede que está gobernando. Non confunde a moariía plenaria coa maioría social. A vostede apoiouno o 28% da sociedade de Monforte. Vostede é o aclade de todos dos que lle votaron e dos que non, con respecto do que falaba vostede do que levaba no programa. Falaba vostede que antigamente houbo un documento que todos os grupos políticos coa Asociación e empresarios asinou ese documento, gustaríalle velo.

Intervén D<sup>a</sup> Isabel García di que ten unha retórica de que forma parte do seu programa. Quere lembrar que vostede falou o de Pacadar, e tamén ía iniciar os trámites do PXOM e os trámites do Plan Especial. En todo caso, no 2015 vostede tamén prometeu unha Praia fluvial, está no programa podese ler, se se ampara no seu programa cumpra iso. Monforte ten moita historia, poucas cousas como o recinto de San Vicente e a muralla medieval, e todos saben como se atopa esa muralla medieval. Di que non sabe o que vai ver dende esa ponte magnífica. A pasarela lateralmente non ten impacto óptico, un carril de dobre sentido non o entende.

Intervén o Sr. Alcalde o que vai facer a ponte é sacar o tráfico do centro, non aumenta o tráfico cara o centro. No programa electoral se alguén o coñece e el, non figura para nada a Praia fluvial para ensinárllo á periodista e non está, non lle den voltas. Di que está xestionando o programa do 2019. En relación co de Pacadar pode ensinárlle o documento escrito co rexistro deste Concello cunha carta e un informe que non se podían recalificar os terreos, para recalificar un terreo de rústico a industrial, ten que ter Servizos, sen algún deses Servizos non se recalifican os terreos, está asinado polo anterior alcalde. O que fixo este Alclade foi traer a empresa aquí e asinar un convenio coa Deputación pero houbo alguén que enviou un informe a Suplusa que non se pode sanear esas augas e mentres non se

reclasifican os terreos. Os votos son consecuencia desa sociedade, non se preocupen polo apoio social, porque fai un ano que acaban de votar.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela di que esta é a proposta do Partido Popular e fala de que de forma interna viviron a controversia da ponte, di que eles internamente. Algún que outro general está bastante molesto de que esta decisión, por ese motivo tanteo a xente do entorno, e deuse conta que era a mellor solución a moción que presentaron.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que o Plan de cidade xa dixo como se constrúe, cando o seu equipo de goberno chegou aquí, estaba morrendo o Plan Espeicla, houbo que negociar coa Xunta a prórroga da subvención e a empresa estivo disposta a renovar o contrato. Di que non se está moi lexos da aprobación, e vai ser moi importante para o casco histórico de Monforte. Fala do Plan Xeral di que lembra perfectamente de que o Plan aprobable e que se podría corrixir cunha soa alegación, porque o que era alclade da Coruña naquel momento, e ese alcalde tiña a mesma empresa contratada, e tiña e mesmo problema que en Monforte, cunha soa alegación, dando por bo o que estaba construído, cosa que hoxe ten o plan xeral e nós estamos sen el, di algúns silvaron. O partido popular di que había que retiralo, había 11 asociacións que pedían que apoiaran a retirada, o anterior alcalde dixo “eu co pobo”, aquilo foi unha desgraza para Monforte. No ano 2016 aprobouse en todo estado o Plan Hidrolóxico da Conca Miño-Sil parte de Monforte inundable, quen fai agora o Plan Xeral.

No festival do viño non se corta a ponte vella.

Facer consultas populares, porque non llo explica ao Sr. Feijoo, que fagan unha consulta cando están recortando a Sanidade, fagan consultas populares. Isto non é Venezuela a maioría que apoiou a este equipo de goberno é un reflexo da maioría social.

Sometido o asunto a votación, rexeítase por maioría con once votos en contra dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e cinco votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros/as do Grupo Mixto.”

#### **11º.-MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR EN APOIO DA COMPETITIVIDADE E FUTURO DOS EMPREGOS DE ALCOA.**

O ditame é favorable á proposta da alcaldía, con seis votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal socialista e tres abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (BNG) Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

*“-Manifestar o apoio da institución aos traballadores e traballadoras afectados directa e indirectamente polo anuncio de peche de produción de aluminio en Alcoa San Cibrao.*

*-Solicitar ao Goberno de España que sexa contundente á hora de defender a continuidade da produción de aluminio primaria en España e busque unha solución inmediata para que non paren as cubas, así coma para que ningunha persoa traballadora perda o seu emprego, que inclúa as seguintes medidas:*

*. Aprobar de maneira inmediata o Estatuto de Consumidores Electroativos coas alegacións presentadas ao borrador polos traballadores, os gobernos de Asturias, Cantabria e Galicia e pola propia industria electrointensiva.*

*. Convocar urxentemente a poxa de interrompebilidade para o segundo semestre de 2020, polo menos, co mesmo importe que o pasado ano, con bloques de MW para as empresas hiper-electroativas.*

*. Autorizar o máximo importe permitido pola Unión Europea para compensar os custos indirectos de emisións de CO2.*

*. Elaborar un plan específico para este sector co obxectivo de optar aos fondos que ten previsto repartir a UE para impulsar unha recuperación sostible, equitativa, inclusiva e xusta a través dunha resposta eficaz en favor dunha Europa ecolóxica, dixital e resiliente.*

*. Solicitar da Xunta de Galicia que manteña a súa lealdade institucional e a súa oferta de colaboración co Goberno na posta en marcha destas medidas, como ten feito de maneira permanente desde que saltaron as primeiras alarmas en outubro de 2018”.*

*De seguido prodúcense as seguintes intervencións:*

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela sinala que esta é moción tipo. Di que mariña lucense queda un pouco lonxe, di que ven necesario traer a moción porque son compañeiros da provincia, nas derradeiras semanas estanse manifestando porque é algo que todos os partidos políticos manifestáronse en torno ao problema de Alcoa, además poden afectarnos que podería chegar a 5.000 indirectos afectar a toda a provincia de Lugo e incluso a Galicia. Di que se ten que preservar a pouca industria que se ten. O que se pide é un prezo eléctrico competitivo. Di que é un tema preocupante. Da lectura aos acordos propostos na moción.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que fai como quince días que lle mandaron un argumentario, di que el nunca pensou puidese chegar a este Concello. Se estamos na tempada que estamos en vistas electorais, para falar de Alcoa, di que non é un erudito no tema. Fala de que agasallou a esta fábrica a unha empresa de capital privado e agora veñen os problemas. Agora veñen cunha moción, manifestando o apoio aos traballadores, claro que están de acordo co apoio aos traballadores, se Galicia tivese unha tarifa de enerxía eléctrica propia. Dende o BNG presentáronse xa proposicións non de lei donde se piden outras cousas, o punto aprobar o estatuto de consumidores electrointensivos, estarían de acordo. A Xunta non ten competencias, pero dende Monforte apoiar aos nosos veciños da Mariña, pero o que hai facer e revertir a situación como era no ano 1998 e garantir o traballo á xente que tanto precisa, traballo para poder comer.

Intervén D<sup>a</sup> Isabel García dicindo que comparte co que dixo Emilio. Alcoa non so é a ruiña para a Mariña que o é, tamén o é para toda a provincia de Lugo e en boa parte para Galicia enteira, e algo a coidar, como tan ben dixo Emilio este problema non é novo. Realmente di que ela podería pasar por todo isto, pero no punto último, pide a ponente que permita a votación por puntos, porque o seu grupo non votará a favor, di que o máis lle insultou foi algo que escoitou ao presidente Feijoo, se eu gaño as eleccións Alcoa non se pecha, dille que parece insultar a intelixencia dos galegos, porque é presidente dende fai moitos anos, se o pode facer, que non o diga esas cousas, porque se pode facer xa o tiña que estar feito.

Intervén D. Ibán Torres referíndose á moción e ao Partido Popular. Sinceramente non sabe como o partido popular presenta isto. O que se propón apoio da institución aos traballadores, o que hai que facer é darlle solución á xente, e as ten que dar o que as ten que dar. Lealtad institución de quién, con quién, qué colaboración, están insultando a todos os galegos, e sobre todo vir aquí a sensibilizar cos traballadores, estes traballadores están nesa situación pola súa irresponsabilidade. Di que non cola, o artigo 30 do Estatuto de Autonomía establece a vostedes plenas competencias e fagan o que lles toca por lei. Levan 12 anos de goberno e non foron capaces de elaborar un plan industrial, a retratarse a Alcoa foron, foron e foron. Non se aportou nin un so euro a solucionar o problema, porque con Citroén se fixo, non considera unha gran discriminación coa provincia de Lugo. O que fai falla é vontade e un goberno que queira. Di que poden votar sempre e cando substitúa a parte resolutiva pola que se presentou na deputación provincial de Lugo, en definitiva, esta moción que trae o partido popular é unha irresponsabilidade.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela dille a D. Ibán Torres que foi moi correcto. Dille aos voceiros que quere deixar clara unha cousa que lle mandan mocións continuamente e danlle liberdade para presentar o que queira. Di que no último que pensaba era na campaña electoral, di que ela non esta obrigada a traer ningunha moción, di que o fixo como deferencia aos compañeiros da Mariña. Aquí estamos falando dun problema de tarifa de electricidade, ten que ser o goberno central quén o aprrobe. Din que Feijoo esta prometendo que se gaña as eleccións vai solucionar o de Alcoa, o único que dixo foi que se responsabilizará do problema de Alcoa, pide que lle manden o enlace da noticia. Ao mellor o que se ten que facer, é meter as modificacións que se teñen que facer, un pouco para que este tema se solucione.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que el no di que trae as mocións segundo o tempo electoral. Di que eles poderían enmendala di que é estar falando de cousas que se escapan, o punto primeiro manifetar o seu apoio o resto que son un montón de puntos non van apoialo.

Intervén D<sup>a</sup> Isabel García sinala que xa dixo a súa postura, pedindo a votación por puntos non sabe se van acceder a facela.

Intervén o Sr. Ibán Torres di que lle falou dun texto de substitución, polo que ve difícil chegar a un acordo. Fala do Plan de Industrialización da Xunta de Galicia consistiu en abrir unha oficina para tramitar iniciativas, iso por sí so non vale para nada. Con respecto ao Sr .Feijoo, di que non lle cadra isto.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela di que o punto ao que se refire o Sr. Ibán o ve compatible, o problema de Alcoa é de electricidade, enerxía eléctrica, di que está a favor que se voten por puntos.

Intervén no Sr. Alclade que stivo reunido co comité de empresa, e solicitando o regulamento retrointensivo, pedían daquelas que a electriciadde tiña que saber entrorno aos 50 euros aos 40 euros, era viable a empresa que polo tanto podían seguir. O goberno xa prantexou coa empresa un prezo de electricidade a longo prazo entre 30 e 35 eruos moi por debaixo do que pedía a empresa. O problema non é de electricidade. Haberá que ver que responsabilidades ten cada quén en todo isto.

D<sup>a</sup> Katherinie Varela non acepta a engadéga proposta polo Sr. Ibán Torres.

Este asunto vótase por puntos:

Punto 1, rexeítase por maioría con once votos en contra dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e catro votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros/as do Grupo Mixto.

Restos dos puntos, rexeítase por maioría con trece votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e dos concelleiros/as do Grupo Mixto e tres votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal Popular.

**12º.-MOCIÓN DO BNG PARA SOLICITAR Á CONSELLERÍA DE SANIDADE A O GOBERNO DA XUNTA OS DATOS DOS CONTAXIOS POR MUNICIPIO CO FIN DE COÑECER A EVOLUCIÓN MUNICIPAL E PROCEDER A ADOPTAR MEDIDAS EN BASE A ESTES.**

Intervén D. Emilio José Sánchez Iglesias solicitando que debido ás horas que son se se deixe riba da mesa esta moción para a próximo Pleno.

O ditame é favorable á moción, cun voto a favor de D. Emilio José Sánchez Iglesias (BNG) Grupo Mixto proposta da alcaldía, e oitos abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal socialista e dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:



*“Que o Concello de Monforte solicite ás autoridades sanitarias competentes, un desglose dos contaxios por municipio e rangos de idade, datos dos que dispón o Sergas e non incumpren a LOPD”.*

**13º.-RENUNCIA DA CONCELLEIRA D<sup>a</sup> ISABEL GARCÍA DÍAZ.**

Vista a proposta da Alcaldía de data 29 de xuño do 2020 que sinala:

“Examinado informe, desta data, do Sr. Secretario Xeral, do tenor literal seguinte:

*“En relación co escrito presentado por dona Maria Isabel García Díaz Concelleira pertecente ao Grupo Mixto (Espertamonforte!), no Concello de Monforte de Lemos, procede informar:*

- 1. Que dona María Isabel García Díaz é Concelleira do Concello de Monforte de Lemos segundo credencial expedida pola Xunta Electoral de Zona, estando actualmente no exercicio do cargo.*
- 2. Que mediante escrito de data 15 de xuño do 2020 presenta a súa renuncia ó cargo, sendo polo, tanto causa de perda da condición de Concelleira de conformidade co art. 9.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/86, de 28 de novembro) en relación co art. 182 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral.*
- 3. A renuncia farase efectiva ante o Pleno da Corporación. Ao xuízo do que suscribe, o acordo do Pleno, so pode considerarse coma un requisito de eficacia do acto de renuncia, non como un requisito para a validez, polo que o acordo que se adopte so ten o valor de tomar coñecemento da vontade da Concelleira, declarando a vacante e, de conformidade coa Instrucción da Xunta Electoral Central de 10 de xullo de 2003, deberá indicarse o nome da persoa que, a xuízo da Corporación, corresponde cubrir a vacante.*

4. *A declaración de vacante remitirase á Xunta Electoral de Zona de acordo co disposto no punto 2 da Instrucción de 10 de xullo de 2003 da Xunta Electoral Central.*
5. *A expedición da credencial dos novos Concelleiros corresponde polo tanto á Xunta Electoral de Zona.*

*É canto procede informar”.*

En virtude do disposto no art. 182 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, PROPOÑO ao Pleno do Concello de Monforte de Lemos, a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Quedar enterada á Corporación do escrito de renuncia presentada por dona María Isabel García Díaz Concelleira pertecente ao Grupo Mixto (Espertamonforte!), aceptando a mesma.

2º.- Declarar a vacante producida pola renuncia ao cargo da Concelleira dona María Isabel García Díaz, correspondendo cubrila, a xuízo desta Corporación, a don Jaime Germán Vázquez Pérez atendendo á orden de colocación, sendo o candidato que ocupaba o lugar seguinte a dona María Isabel García Díaz, na lista de Espertamonforte!, de acordo co que figura na acta da Xunta Electoral de Zona de Monforte de Lemos, de data 31 de maio do 2019, comunicándollo á citada Xunta Electoral, para a provisión legal da vacante producida.”

Intervén o Sr. Secretario dando lectura ao escrito presentado pola concelleira D<sup>a</sup> Isabel García Díaz.

Intervén D<sup>a</sup> Isabel García Díaz dicindo que hai proposta de declaración de vacante pola renuncia no día de hoxe. Di que desexa dicir, a primeira quere valorar positivamente que esta solicitude se puxera no último punto, podendo ter voz neste pleno, e que axilice o que se poda dende o Concello, esperando que figure no punto número 1 no pleno de xullo para que o seu compañeiro poida ocupar e ter voz no pleno de xullo. Despedirse desta labor a que chegou por casualidade. Di que a súa candidatura fíxose no Bar Lechu, hai si que hai moitos testigos que o poden acreditar. Agradecer aos medios de comunicación, ás persoas que lle axudaron, pide perdón polo que non puido e non soubo facer, gustaríalle que o concelleiro que lle vai substituír, reciba ese respecto que a ela lle faltou nalgúns momentos, e cre que a culpa a ten ela, porque é muller.

Intervén D. Emilio Sánchez agradecendo a D<sup>a</sup> Isabel agradecendo o respecto nesta Cámara e darlle toda a sorte do mundo.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela di que ela traballou moi pouco con ela, pero non casa nada co partido popular, reconece que é unha muller que traballou polos monfortinos, moita sorte.

Intervén o Sr. Alcalde dicíndolle a D<sup>a</sup> Isabel que ahí que diferenciar o político do persoal, nese sentido deséxalle o mellor que disfrute do tempo libre que teña e dicirlle tamén que todos cometen erros, non concorda o que dixo ao final, todos cometen erros, o que queda e pedir disculpas. Dicirlle que miraba para o Secretario cando falaba da orde do día, a orde do día depende do que preside o órgano., pero non se preocupe que será o punto tres, o punto 1 e o a da acta anterior, o punto 2 resolucíons e o punto 3 será a toma de posesión e participe no debate. Saúde e moita sorte.

#### PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

**14º.-INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA (de datas 25.02.2020, 26.02.2020, 10.03.2020, 24.03.2020, 20.04.2020 (15), 22.04.2020 (22), 28.04.2020, 12.05.2020 (2) e 04.06.2020) QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).**

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucíons que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

**15º.-DACIÓN DE CONTA DA EXECUCIÓN TRIMESTRAL PRIMEIRO TRIMESTRE 2020**

O Pleno queda informado da documentación remitida polo Concello ao Ministerio de Facenda, a través da Oficina Virtual para a Coordinación financeira coas Entidades Locais, a efectos de cumprimentar os datos correspondentes a este Concello do 1º trimestre de 2020, dos previstos sobre execucións trimestrais das Entidades Locais.

**16º.-DACIÓN DE CONTA DO INFORME TRIMESTRAL SOBRE MOROSIDADE E CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO OPERACIÓNS COMERCIAIS PRIMEIRO TRIMESTRE 2020.**

A efectos de cumprir co disposto no artigo cuarto.4 da Lei 15/2010, preséntanse no Pleno os seguintes informes, tanto do Concello como do Instituto Municipal de Drogodependencias, correspondentes ao 1º trimestre de 2020.:

- De cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais.
- De morosidade.”

**17º.-DACIÓN DE CONTA DO PERÍODO DE PAGO PRIMEIRO TRIMESTRE 2020**

Dáse conta do informe de Intervención sobre o periodo medio de pago (PMP) do 1º trimestre de 2020, segundo ven definido polo Real Decreto 635/2014. O PMP Global resultante do Concello de Monforte de Lemos (en días) é de 5,55”

**18º.-DACIÓN DE CONTA PLAN ORZAMENTARIO 2021-2023**

De acordo co previsto no art.6 da Orde HAP/2105/2012, dáse conta ao Pleno dos marcos orzamentarios para os exercicios 2021, 2022 e 2023 cuxo detalle está reflectido na Resolución da Alcaldía do 13 de marzo de 2020, que os aproba. Foron regulamentariamente remitidos ao MINHAP.

**19º.-ROGOS E PREGUNTAS.**

.-Rogo do BNG, RE 9726 relativo a un estudo de tránsito rodado na cidade

“Que se proceda á realización dun estudo sobre o tránsito rodado no triángulo que conforman as rúas Chantada, Manuel María e Emilia Casas Baamonde que teña como finalidade valorar con datos reais e potencial reorganización do tránsito rodado na zona descrita”.

Resposta o Sr. Alcalde que recolle a súa exposición.

.-Pregunta do BNG, RE 9727 relativa á oficina información turística

En que situación se atopa a titularidade deste servizo municipal e por qué non están abertas as dependencias nin usan a lingua galega?

Resposta o Sr. Alcalde que a oficina de Monforte está aberta, está moi próxima a licitación dun concurso e tan pronto estea rematado o informe económico saerá a concurso. En relación co tema das linguas, utilízanse varias linguas, inglés, castelán, galego. O material que se ten da guía turística está en catro idiomas. En función dos turistas, utilízase o idioma.

**.-Rogo do PP RE 10111 medidas necesarias para a apertura das instalación da piscina climatizada.**

Rogamos o equipo de goberno, que tome as medidas axeitadas para que as instalación da piscina cuberta de Monforte de Lemos volva a abrir as súas instalación.

Resposta o Sr. Alcalde que xa está explicado no debate.

**.-Rogo do PP sobre o COVID-19**

Solicitando medidas durante a duración do COVID-19

Resposta o Sr. Alcalde recollendo o seu rogo

Intervén D<sup>a</sup> Isabel García Díaz dicindo que quería prantexar un rogo e unha pregunta. Solicitando que o Consello Municipal de Saúde se reúnan mensualmente e que tramiten podas as medidas preventivas. A pregunta do embarcador de Doade e agora chamado do Sil, unha zona moi visitada. No seu día cando se pechou o establecemento, escoitou no Pleno que os baños do embarcador verquían ao Río Sil, di que lle informan o establecemento hostaleiro está pechado, pero lavabos están abertos e seguen vertendo ao río Sil. Como é posible non houbo tempo a solucionar iso.

Respostar o Sr. Alcalde di que se fixo un proxecto superou os trámites medioambientais e que agora está pendente do permiso de Confederación. Alí hai uns baños que utilizan as persoas que van no barco, vaise facer unha obra onde se ubicará unha depuradora para que non haxa ningún verquido, tan pronto emita o permiso a Confederación, tan pronto se poda se fará a obra e sacarase a concurso a concesión.



SECRETARIA

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo as doce horas e vinte e un minutos do día 29 de xuño do dous mil vinte, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e pr.  
O Alcalde,